

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

18975 *Orde ARM/3196/2009, do 26 de novembro, pola que se modifican os anexos II a V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.*

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

A Directiva 2009/118/CE da Comisión, do 9 de setembro de 2009, pola que se modifican os anexos do II ao V da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, estableceu unha modificación no réxime fitosanitario aplicable á entrada e circulación de determinados vexetais e produtos vexetais na Comunidade, procedendo, por tanto, á súa incorporación ao noso ordenamento a través da correspondente modificación dos anexos II ao V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro.

Así mesmo, e efectuada unha corrección de erros da Directiva 2008/109/CE da Comisión, do 28 de novembro de 2008, pola que se modifica o anexo IV da Directiva 2000/29/CE do Consello («Diario Oficial de la Unión Europea» L 129, do 28 de maio de 2009), procédese a modificar o Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, para incorporar o contido da devandita corrección.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación establecida na disposición derradeira segunda do citado real decreto, pola que se faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, actual ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para adaptar os seus anexos ás modificacións que sexan introducidas neles mediante disposicións comunitarias.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Modificación dos anexos II ao V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

Os anexos II ao V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, quedan modificados como segue:

Un. A parte B do anexo II queda modificada da seguinte maneira:

a) Na letra b), punto 2, na terceira columna «Zonas protexidas», suprímese o texto «A [Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria e Viena]»;

b) Na letra c), punto 0.1, na terceira columna «Zonas protexidas», suprímese o texto «EL (Creta e Lesbos)».

Dous. A parte B do anexo III queda modificada como segue:

a) No punto 1, na segunda columna «Zonas protexidas», suprímese o texto «A [Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria e Viena]»;

b) No punto 2, na segunda columna «Zonas protexidas», suprímese o texto «A [Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria e Viena]».

Tres. O anexo IV queda modificado como segue:

a) A parte A modifícase da seguinte maneira:

1.º Na sección I, punto 2, no primeiro guión da columna da dereita, o texto «estarán libres de casca con excepción dun número indeterminado de anacos de casca, sempre que o seu grosor sexa inferior a 3 cm (independentemente da súa lonxitude) ou, en caso de que o seu grosor sexa superior a 3 cm, sempre que a súa superficie sexa igual ou inferior a 50 cm²» substitúese por «estarán libres de casca con excepción de calquera número de anacos de casca cuxo largo sexa inferior a 3 cm (independentemente da súa lonxitude) ou, en caso de que o seu largo sexa superior a 3 cm, cuxa superficie sexa igual ou inferior a 50 cm²».

2.º Na sección I, punto 8, no primeiro guión da columna da dereita, o texto «estará libre de casca con excepción dun número indeterminado de anacos de casca, sempre que o seu grosor sexa inferior a 3 cm (independentemente da súa lonxitude) ou, en caso de que o seu grosor sexa superior a 3 cm, sempre que a súa superficie sexa igual ou inferior a 50 cm²» substitúese por «estará libre de casca con excepción de calquera número de anacos de casca cuxo largo sexa inferior a 3 cm (independentemente da súa lonxitude) ou, en caso de que o seu largo sexa superior a 3 cm, cuxa superficie sexa igual ou inferior a 50 cm²».

3.º Na sección I, punto 16.5, na primeira frase da segunda columna «Requisitos especiais», suprímese o texto «nos puntos 2 e 3 da parte B do anexo III».

4.º Na sección I, punto 46, na primeira frase da segunda columna «Requisitos especiais», suprímese o número «45».

b) A parte B modifícase como segue:

1.º Nos puntos 1, 2, 3, 4, 5 e 6, na primeira frase da segunda columna «Requisitos especiais», o texto «nos puntos 1.1, 1.2, 1.3, 1.4, 1.5 e 7 da sección I da parte A» substitúese por «nos puntos 1.1, 1.2, 1.3, 1.4, 1.5, 1.6 e 1.7 da sección I da parte A do anexo IV».

2.º Nos puntos 6.3 e 14.9, na terceira columna «Zonas protexidas», suprímese o texto «EL (Creta e Lesbos)».

3.º No punto 14.9, na terceira columna «Zonas protexidas», suprímese o texto «DK».

4.º No punto 21, na terceira columna «Zonas protexidas», suprímese o texto «A [Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria e Viena]».

5.º No punto 21.3, na terceira columna «Zonas protexidas», suprímese o texto «A [Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria e Viena]».

Catro. O anexo V queda modificado como segue:

- a) Na parte A, punto I.1.7, letra b), na primeira columna do cadro «Código NC», o código «ex44013090» substitúese por «ex44013080»;
- b) Na parte B, punto I.6, letra b), a cuarta entrada, relativa ás serraduras, substitúese pola seguinte:

«ex44013040	Serraduras, sen aglomerar en forma de bólas, briquetas, leños ou formas similares»;
-------------	---

- c) Na parte B, punto I.6, letra b), na primeira columna do cadro «Código NC», o código «ex44013090» substitúese por «ex44013080».

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/118/CE da Comisión, do 9 de setembro de 2009, pola que se modifican os anexos do II ao V da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 1 de decembro de 2009.

Madrid, 26 de novembro de 2009.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Elena Espinosa Mangana.